

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 1 DE XULLO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día un de Xullo de mil novecientos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez. - Concelleiros: Don Xose Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 24 de Xuño.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-

Visto o escrito de Don José Antonio Lois Ramos, veciño do Concello de Castrelo do Miño, con domicilio no lugar de Paradela, no que interesa información urbanística aplicable a unha finca sita na zona do Xestal, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe técnico emitido polos servicios técnicos do Concello, que di: "Clasificación urbanística.- Solo urbanizable, prescripción Deportivo Recreativo".

Visto o escrito de Don José Manuel Bernárdez Alén, veciño de San Cristovo, con domicilio na rúa Pequena, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga nun inmobile sito na Estrada do Carballiño do devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda acceder ó solicitado coa condición de que a acometida será supervisada polos técnicos municipais; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de taxa, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto.

Pola Comisión Municipal de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o día seis de Abril de 1995, en relación co inmobile nº 37 sito na rúa Subida á Igrexa do lugar de Santo André, propiedade dos seguintes señores: Don Manuel Alfaro, Don Antonio Alfaro Montero e Don Carlos Gómez Alfaro, adoptouse o acordo de que os seus propietarios tiñan que derruba-lo balcón na súa totalidade porque o mesmo ameazaba con desprenderse cara a rúa, acordo ese, que lle foi notificado debidamente no seu día; dado o tempo transcorrido sen que se tomasen as medidas sobre o devandito balcón, esta mesma Comisión, por unanimidade, acorda comunicarlle con respecto ó mesmo, o seguinte: "Coa máxima urxencia posible procederase ó seu desmontaxe, apeando previamente as vigas de madeira; deberá montarse unha andamiaxe metálica para retira-las tellas e posteriormente o "maderamen"; así mesmo, procederase ó apeo da cuberta da vivenda na súa incidencia co muro"; estas medidas son moi urxentes polo que, se deberán tomar coa máxima brevidade posible.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Farmaceutica titular, partes quincenais de cloración de augas do abastecemento de consumo publico de San Paio e de Ribadavia.

Da Farmaceutica titular, resultados das análises mínimas das augas do Abastecemento de Santa Cristina e, do abastecemento de Ribadavia.

Da Delegación da Consellería de Sanidade e Servicos Sociais, comunicando como apta a auga da Zona de Baño "Pozas de Francelos", segundo mostras recollidas á data do 17 de Xuño pasado.

Do Goberno Civil, remitindo Circular nº 2/96, relativa ó horario

de cerramento dos establecementos públicos que rexerá dende o 1 de Xullo ata o 30 de Setembro vindeiro.

Visto o escrito remitido pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de Familia, Muller e Xuventude da Xunta de Galicia, polo que se notifica a este Concello unha subvención de 700.000 pesetas, para a posta en funcionamento do **SERVICIO DE INFORMACION XUVENIL**, segundo a solicitude presentada por este Concello, ó abeiro da Orde do 2 de Xaneiro de 1996, publicada no D.O.G. nº 19, do 26 de Xaneiro, pola que se regulan as subvencións a Concellos para a creación e funcionamento de servizos de información xuvenil é, tendo en conta que este servizo non existía con anterioridade a esta concesión, por canto a capacidade económica do Concello de Ribadavia non permite por si só, o contar co mesmo, mentres que coa axuda concedida pola Xunta de Galicia si é posible alcanzar unha aspiración desta Corporación, como é a de contar cunha Oficina de Información Xuvenil, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: **PRIMEIRO.**- A creación do Servizo de Información Xuvenil, mediante a apertura dunha Oficina de Información Xuvenil neste Concello de Ribadavia, para a realización das actividades propias da mesma é que xa foron expostas nos correspondentes expedientes de solicitude de subvención.- **SEGUNDO.**- Dispoñe-lo necesario para proceder á maior brevidade posible de dotación de persoal e medios materiais para a posta en funcionamento inmediata da referida Oficina de Información Xuvenil, cumprindo, a tal efecto, tódolos compromisos manifestados no correspondente expediente de solicitude de subvención, así como tódalas especificacións recollidas na Orde de convocatoria da Xunta de Galicia.

Da Xerencia Territorial do Catastro, remitindo variacións catastrais con efectos tributarios do Imposto sobre Bens Inmóbeis.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

Aprobadas por Resolución da Alcaldía de data 26 de Xuño de 1996 as Bases e Convocatoria Pública para provisión dun posto de traballo de carácter temporal para desenvolver servizos de tempada para o posto de Peón de Limpeza e Atención de Piscina, e unha vez transcurrido o prazo para a presentación de proposicións, a Comisión Municipal de Goberno examinando todas e cada unha delas así como tamén a documentación que se achega ás

mesmas, acordou por unanimidade, formular proposta de resolución da presente convocatoria, propoñendo que se designe como Peón de Limpeza e Atención de Piscina a Don Kepa Iokin Barrena Arellano.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó Convenio asinado entre este Concello e mailo Centro de Estudos Medievais, polo que, este Centro facilita unha persoa para a atención de visitas guiadas no servizo de información turística do Concello de Ribadavia para os meses de Abril, Maio e Xuño de 1996, comprometéndose o Concello a aboa-la cantidade de 75.000 pesetas polo devandito servizo.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación á factura presentada pola nosa Policía Local, por importe de 5.825 pesetas, por gastos de desprazamento ó Xulgado do Penal núm. 2 de Ourense o pasado 11 de Xuño, con motivo de asistencia a un xuízo oral ó que estaban citados.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó listado cobratorio pertencente ó IBI 1996, por un importe total de 48.602.084 pesetas.

A fin de mante-la continuidade na prestación dos servizos de competencia municipal a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda prorroga-lo contrato Don José Puga Alonso ata o remate do presente ano natural, nas mesmas condicións establecidas na contratación anterior.

NOMEAMENTO DE ENTIDADE COLABORADORA NA RECADACION VOLUNTARIA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES E IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONOMICAS DE 1996.-

En execución do acordo do Pleno da Corporación de data 12 de Xuño de 1996, examinadas as ofertas formuladas polas entidades financeiras, que obran no expediente, a Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda concertar co Banco Bilbao Vizcaya, oficina de Ribadavia, a xestión cobratoria en periodo voluntario do Imposto de Bens Inmoables e do Imposto de Actividades Economicas do presente ano de acordo coa oferta presentada por dita entidade e que obra no expediente. A tal fin abrirase unha conta restrinxida de recadación nos termos e condicións previstas no artigo 8/2º e 8/3º do Regulamento Xeral de Recadación.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario accidental, certifico.